

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36016681	IES Carlos Casares	Vigo	2025/2026

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	2º ESO	3	105

Tipo de oferta
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	27
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	32
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	33
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	34
9. Outros apartados	35

1. Introducción

A presente programación didáctica, elaborada polo Departamento didáctico de xeografía e historia para a materia de Xeografía e Historia de 2º curso da educación secundaria obrigatoria, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. No uso da autonomía que proporciona a dita normativa, a través desta programación didáctica adáptase o currículo da materia de Xeografía e Historia á realidade deste centro e a do seu alumnado no 2º curso.

O currículo da educación secundaria obrigatoria pretende garantir unha formación adecuada e integral, que se centre no desenvolvemento das competencias e que sexa equilibrada, porque incorpora na súa xusta medida compoñentes formativos asociados á comunicación, a formación artística, as humanidades, as ciencias, a tecnoloxía e a actividade física. Unha das finalidades da educación secundaria obrigatoria é lograr que as alumnas e os alumnos adquiran os elementos básicos da cultura, especialmente nos seus aspectos humanístico e artístico, científico-tecnolóxico e motor.

O estudo da materia de Xeografía e Historia deberá conectar coa realidade e co presente do alumnado, en especial no que atangue ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero, sen esquecer a defensa e a conservación do patrimonio histórico, artístico e cultural, español en xeral e galego en particular.

En canto ás especificidades da materia de Xeografía e Historia no segundo curso, o alumnado traballará sobre os grandes retos do mundo actual como o desafío demográfico, o complexo proceso de urbanización, a distribución da riqueza e a igualdade entre mulleres e homes; traballarase desde unha perspectiva integradora que permita comprender as dinámicas xeopolíticas e socioeconómicas actuais, cun enfoque multicausal que relacione os condicionantes físicos, os medios humanos e os recursos do planeta e as consecuencias da súa explotación. A paisaxe, como ente complexo, sociocultural e fenomenolóxico, será a liña transversal que unirá os diferentes contidos.

No apartado histórico, estudaranse a Idade Media e a Idade Moderna, un marco cronolóxico de máis de 1200 anos que será abordado desde unha perspectiva global para afondar nas estruturas histórico-culturais, políticas e socioeconómicas esenciais. Afondarase no marco espacial máis próximo e, de ser posible, as exemplificacións referiranse aos ámbitos peninsular e galego.

Esta programación didáctica e o traballo na aula tentaranse vertebrar arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe contextualizadas, significativas e relevantes para que, ao termo do curso, se consigan traballar de maneira proporcionada todos os contidos incluídos no currículo. Do mesmo xeito, esta programación didáctica adáptase aos grupos de alumnado nos distintos niveis desde diferentes enfoques para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe que nesta programación didáctica se propón: dun lado, tendo en conta as necesidades educativas de cada alumna e de cada alumno así como a diversidade que presenten; doutro lado, en relación ao número de alumnado presente en cada grupo e as posibilidades en canto a espazos e recursos dos que dispón o departamento didáctico e o centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos cales se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas a que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural en que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e da inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservalo e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e coa contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, das súas institucións e doutras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O inicio da Idade Media	Abordaranse as bases ideolóxicas e os principais protagonistas no cambio da idade antiga á idade media. Abordarase a caída do Imperio Romano e a fragmentación en reinos bárbaros na actual Europa occidental, a configuración do Imperio Carolinxio, e as configuracións do Imperio Bizantino e do Imperio Islámico.	6	6	X		
2	A sociedade feudal	Abordaranse as bases políticas e o ordenamento social de carácter estamental que se fraguarán no feudalismo. De igual maneira, farase unha introdución á arte románica.	6	9	X		
3	O rexurdimento das cidades europeas	Abordarase o desenvolvemento comercial das cidades europeas así como as consecuencias derivadas; tamén se abordarán as crises do século XIV (peste negra...). De igual maneira, farase unha introdución á arte románica.	6	9	X		
4	Al-Ándalus e os reinos cristiáns hispánicos. O reto da convivencia	Estudaranse o desenvolvemento cronolóxico da Península Ibérica desde o 711 ata a hexemonía peninsular dos reinos cristiáns.	7	9	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Al-Ándalus e os reinos cristiáns hispánicos. O reto da convivencia	Abordaranse cuestións como a política, a sociedade, a economía ou a cultura dos diferentes reinos.	7	9	X		
5	O inicio da Idade Moderna. A época das grandes exploracións	Estudaranse as grandes exploracións portuguesas e castelás es as consecuencias económicas e sociais derivadas.	10	9		X	
6	A Monarquía Hispánica. Un imperio mundial	Abordarase a impronta do imperio español ata o presente desde unha óptica política, económica, cultural e social. Farase un repaso dos Austrias maiores, da súa política interior e exterior, e da expansión e colonización en terras americanas.	10	9		X	
7	Unha nova mentalidade. A construción da Idade Moderna	Estudaranse as bases que constituíron a actual Europa a través do novo pensamento revolucionario que se comezou a xestar timidamente desde o trecento.	10	9		X	
8	O século do Barroco	Abordarase o nacemento das monarquías absolutistas en Europa e os aspectos máis salientables do pensamento e da arte da época.	8	9		X	
9	Xeopolítica, conflitos e cooperación para a paz	Estudaranse cuestións como a xénese das comunidades internacionais, o seu funcionamento e as súas accións de cooperación para acadar a paz.	10	9			X
10	Os desafíos demográficos do século XXI	Estudaranse os novos retos demográficos aos que se enfronta a sociedade tales como a involución demográfica europea e as novas ondas de inmigración.	10	9			X
11	A presión dun mundo cada vez máis urbano	Estudaranse as novas configuracións urbanas. Introducirase o concepto de paisaxe antrópica, as súas xerarquías urbanas e a nova conciencia rural a modo de alternativa.	10	9			X
12	Un estudo xeográfico sobre a desigualdade	Traballaranse os diferentes tipos de desigualdade aos que se enfrenta o mundo co obxectivo de que se acaden as ferramentas para facerlles fronte.	7	9			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O inicio da Idade Media	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Identifica os elementos esenciais que dan inicio á chamada Idade Media.	PE	60
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Comprende o concepto de identidade e identidades aplicado á diversidade peninsular.		
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Diferencia unha fonte primaria dunha secundaria.	TI	40
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Elabora un eixe cronolóxico sobre as invasións bárbaras e os reinos xermánicos.		
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Interpreta, despois da súa identificación, mapas temáticos sinxelos relativos ao período estudado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.

UD	Título da UD	Duración
2	A sociedade feudal	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Comenta os aspectos esenciais do tema presentados a partir de diferentes formas e presentados en diferentes formatos (imaxes, textos...).	PE	60
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os trazos básicos do sistema feudal e da súa organización social e identificando as desigualdades existentes.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Recoñece a relevancia dos diferentes reinos europeos como precedente da actual Europa.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora proxectos sinxelos en diferentes formatos nos que sintetiza os elementos básicos do feudalismo.	TI	40
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigas en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Contextualiza, a partir de diferentes fontes, as desigualdades existentes nos diferentes momentos históricos e, es especial, no período estudado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
3	O rexurdimento das cidades europeas	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Recoñece os trazos definitorios das diferentes culturas e civilizacións que se desenvolven no período medieval.	PE	60
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Identifica os trazos singulares das artes románica e gótica.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica trazos da diversidade social e cultural actual con base na evolución histórica dos pobos.	TI	40
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Interpreta, despois da súa elaboración, eixes cronolóxicos en relación a períodos e acontecementos clave.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Valora a importancia da conservación do patrimonio artístico, histórico e cultural.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
4	Al-Ándalus e os reinos cristiáns hispánicos. O reto da convivencia	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Coñece os acontecementos esenciais da evolución territorial do actual territorio español na Idade Media.	PE	60
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Asimila a herdanza andalusí na cultura e sociedade actuais e a evolución dos reinos cristianos como orixe do actual mapa peninsular.		
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica os cambios territoriais ocorridos na Idade Media peninsular a través de mapas históricos.	TI	40
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica a diversidade social e cultural do medievo peninsular en diferentes fontes.		
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da Idade Media peninsular e galega.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Identifica a orixe do Camiño de Santiago e do patrimonio histórico e artístico relacionado.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.

Contidos

- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
5	O inicio da Idade Moderna. A época das grandes exploracións	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Interpreta diferentes fontes, en especial mapas históricos, relacionados coa expansión europea e a época das "grandes exploracións".	PE	60
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece os acontecementos e os cambios sociais da Baixa Idade Media que conducen á denominada Idade Moderna.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Coñece os acontecementos esenciais que conducen ao nacemento da chamada Idade Moderna.		
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Interpreta os cambios producidos na poboación peninsular a partir de diferentes fontes.	TI	40
CA2.1 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Idade Media e da Idade Moderna, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Identifica información relevante relativa ao período estudado a partir de diferentes fontes.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora proxectos sinxelos a partir de diferentes fontes sobre aspectos concretos e relevantes do período (revolta irmandiña, peste negra, viaxes de exploración etc.).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras.
- Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial.
- España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais.
- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
6	A Monarquía Hispánica. Un imperio mundial	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Identifica nunha liña de tempo os aspectos máis relevantes da monarquía hispánica e a súa expansión territorial.	PE	60
CA2.4 - Identificar e interpretar a conexión de España e Galicia cos grandes procesos históricos (das épocas medieval e moderna), valorando o que supuxeron para a súa evolución e sinalando as achegas dos seus habitantes ao longo da historia.	Comprende os principais feitos históricos da monarquía hispánica.		
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Identifica os aspectos políticos e organizativos esenciais do período.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Identifica de xeito básico as orixes históricas do mapa actual español.	TI	40
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Analiza en diferentes fontes a heteroxeneidade da sociedade hispánica na Idade Moderna.		
CA2.7 - Identificar a orixe histórica de distintas identidades colectivas que se desenvolveron en España e Galicia, interpretando o uso que se fixo delas e mostrando unha actitude de respecto e tolerancia cara aos diferentes sentidos de pertenza, promovendo a solidariedade e a cohesión social.	Analiza en diferentes fontes as peculiaridades dos reinos peninsulares e a súa evolución nos séculos XVI e XVII.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Violencia e conflitos armados. A guerra na Idade Media e na Idade Moderna. Os civís durante as guerras. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión. - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - España no tempo e a súa conexión cos grandes procesos da historia medieval e moderna da humanidade. O legado histórico e o acervo cultural na formación das identidades colectivas. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
7	Unha nova mentalidade. A construción da Idade Moderna	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Analizar procesos de cambio histórico de relevancia a través do uso de diferentes fontes de información, tendo en conta as continuidades e permanencias en diferentes períodos e lugares.	Identifica as características esenciais das grandes correntes de pensamento e artísticas da época.	PE	60
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica trazos da heteroxeneidade do Renacemento relacionados coa súa difusión por Europa.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Identifica as orixes das diferentes correntes relixiosas existentes na actualidade.	TI	40
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica o papel do humanismo na Idade Moderna e as súas consecuencias.		
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica a través de diferentes fontes a difusión xeográfica das distintas relixións protestantes.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece os elementos básicos da arte do Renacemento e identifica exemplos próximos.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Entende ao Humanismo como precedente dos valores cívicos e democráticos actuais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración. - Autoridade e complexidade social durante a Idade Media e a Idade Moderna. Os estamentos. - A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder. - A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica. - O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.

Contidos

- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.

UD	Título da UD	Duración
8	O século do Barroco	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Relacionar as culturas e civilizacións que se desenvolveron ao longo da historia medieval e moderna coas diversas identidades colectivas que se foron construíndo ata a actualidade, reflexionando sobre os múltiples significados que adoptan e as achegas de cada unha delas á cultura humana universal.	Identifica as achegas esenciais da revolución científica moderna.	PE	60
CA3.3 - Sinalar e explicar aquelas experiencias históricas máis destacables, e anteriores á época contemporánea, nas cales se logrou establecer sistemas políticos que favoreceron o exercicio de dereitos e liberdades dos individuos e da colectividade, considerándoas como antecedentes das posteriores conquistas democráticas e referentes históricos das liberdades actuais.	Comprende as diferenzas básicas entre o absolutismo e o parlamentarismo no século XVII.		
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Elabora sinxelos proxectos temáticos relacionados coa diversidade social e cultural da época.	TI	40
CA2.2 - Utilizar unha secuencia cronolóxica co obxecto de examinar a relación entre feitos e procesos en diferentes períodos e lugares históricos (simultaneidade e duración), utilizando termos e conceptos apropiados.	Sitúa nunha secuencia cronolóxica acontecementos e representacións artísticas do período.		
CA2.8 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da identidade colectiva local, autonómica, nacional, europea e universal, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos.	Recoñece os trazos máis significativos da arte barroca europea, española e galega e sinala exemplos de obras.		
CA3.6 - Sinalar os fundamentos da idea de Europa a través das diferentes experiencias históricas do pasado e identificar o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común da cidadanía europea.	Elabora de forma colaborativa informes en diferentes formatos sobre as bases históricas do sistema político parlamentario español.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.
- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.
- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.
- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.
- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du
- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.
- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

UD	Título da UD	Duración
9	Xeopolítica, conflitos e cooperación para a paz	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica, a partir de diferentes fontes, os principais conflitos no mundo actual.	PE	60
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza de xeito crítico problemas do mundo actual relacionados con procesos históricos.		
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Identifica os principais retos do mundo actual e o papel das organizacións que defenden a paz e a convivencia no mundo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Rexeita de forma activa situacións discriminatorias.	TI	40
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Identifica en diferentes fontes as desigualdades do mundo actual derivadas de procesos históricos.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Expresa opinións críticas sobre problemas globais.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Defende as normas de convivencia amosando respecto polas mesmas.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Recoñece o papel das institucións que defenden a paz e a convivencia pacífica.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital. - A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social. - A disputa pola hexemonía e a xeopolítica no nacemento e evolución da modernidade. Viaxes, descubrimentos e sistemas de intercambio na formación dunha economía mundial. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a

Contidos

- cooperación internacional.

UD	Título da UD	Duración
10	Os desafíos demográficos do século XXI	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza a relación entre procesos históricos, recursos e accións humanas.	PE	60
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos a que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante, entre outros, a análise de pirámides de poboación.		
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan a sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e en Galicia.	TI	40
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza, en diferentes fontes gráficas, a evolución dos movementos migratorios mundiais desde o século XIX ata a actualidade.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos e nas diferentes conxunturas do mundo actual.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Analiza o impacto dos movementos migratorios actuais establecendo relacións cos movementos migratorios, españois e galegos en particular, en tempos pasados.		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflictan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora, a través de fontes orais, pequenas investigacións sobre os movementos migratorios presentes e pasados na súa contorna.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigas en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia. - Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións. - A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.

UD	Título da UD	Duración
11	A presión dun mundo cada vez máis urbano	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.	PE	60
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Identifica os principais problemas ambientais e sociais propios do contraste entre o mundo urbano e o rural.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza, a través de diferentes fontes, as causas do despoboamento rural en España e Galicia e a concentración da poboación nas grandes cidades.	TI	40
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica os problemas globais e os novos conceptos derivados dos procesos de urbanización como xentrificación, planificación urbana, megalópoles etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización. - Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno. - Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora. - Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas. - Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global. - Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios. - Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social. - Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.

UD	Título da UD	Duración
12	Un estudo xeográfico sobre a desigualdade	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Argumenta a necesidade de propor medidas para eliminar as desigualdades no mundo actual e evitar a sobreexplotación dos recursos dos países menos desenvolvidos.	PE	60
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Identifica o papel da ONU e doutras institucións, públicas e privadas, no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Recoñece os grandes retos das sociedades actuais en relación coa desigualdade e as súas consecuencias.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Comenta, despois da súa análise, as novas de prensa sobre problemas actuais.	TI	40
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas, e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvolvidas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Observa as consecuencias que a contaminación e a explotación de recursos por parte das grandes multinacionais teñen sobre a poboación dos países menos desenvolvidos.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte a discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os obxectivos de desenvolvemento sustentable.	Elabora informes sinxelos sobre o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico e en defensa dos valores democráticos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.

Contidos

- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

4.1. Concrecións metodolóxicas

O punto de partida para establecer a concreción metodolóxica desta programación didáctica sitúase nos principios pedagóxicos recollidos no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, así como nas liñas de actuación para o proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia recollidas nas orientacións pedagóxicas do correspondente currículo.

Coa intención de facilitar a aprendizaxe do alumnado e permitirlle, en combinación co resto de materias, o logro dos obxectivos desta materia, unha adecuada adquisición das competencias clave e a consecución dos obxectivos de etapa, seguirase, por regra xeral, un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e activo, segundo o seguinte esquema:

- Presentación ao alumnado dos contidos que se van desenvolver na unidade didáctica correspondente a través da proposta de actividades encamiñadas a detectar os coñecementos previos que sobre estes posúen. Isto realizarase a través dunha avaliación inicial que poderá ser levada a cabo ben mediante a resolución dun pequeno cuestionario ben a través da formulación ao grupo-clase dunha serie de preguntas a resolver de forma oral e que permita axustar o nivel competencial inicial do alumnado e ter en conta a atención a súa diversidade e individualidade.
- Exposición dos contidos propios de cada unidade didáctica, abordados desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal en función dos obxectivos didácticos perseguidos e das situacións de aprendizaxe propostas. Procurarase que esta non se limite á explicación por parte da persoa docente, permitindo que en certos momentos sexa o propio alumnado o que se familiarice cos contidos a través da lectura do libro de texto, da síntese (resumos, esquemas...) da información proporcionada ou da realización de tarefas introdutorias.
- A impartición de cada bloque de contidos completaráse coas correspondentes actividades de desenvolvemento a eles asociadas. Ademais da indispensable labor de corrección das tarefas propostas, desempeñaráse o necesario papel de guía, resolvendo as dúbidas que puidesen xurdir a medida que o alumnado profunda nos contidos expostos. A aquel alumnado ao que se lle detecte algún tipo de dificultade no proceso de asimilación dos contidos proporcionaráselle as oportunas actividades de reforzo, mentres que a aquel que amose unha maior axilidade á hora de asimilalos, proporáselle a realización de actividades de ampliación, dotadas dun maior grao de

complexidade.

- A realización de proxectos en situacións reais que contextualicen a aprendizaxe e a conecten cos problemas actuais e os retos do presente. Isto, na medida en que a materia incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, facilitará formular estratexias interdisciplinares que permitan que o alumnado perciba a aprendizaxe desde unha perspectiva conxunta, relacional e global evitando unha visión compartimentada das materias que cursa.

Se ben será necesario que en certos momentos o alumnado realice o seu traballo de xeito individual, fomentárase o traballo en equipo organizando a aula de referencia de modo que se permitan outros agrupamentos (en parellas, pequenos agrupamentos...), sendo así posible a aplicación de técnicas como a coavaliación ou o uso de estruturas de aprendizaxe cooperativa, sen esquecer como o gran grupo pode favorecer igualmente o intercambio de ideas entre o alumnado.

As liñas de actuación metodolóxica no proceso de ensino e aprendizaxe da materia de Xeografía e Historia que permitan o logro dos obxectivos e unha adecuada adquisición das competencias poden xirar sobre as seguintes propostas:

- A materia pode abordarse desde unha perspectiva cronolóxica ou máis transversal, en función dos obxectivos didácticos e as situacións de aprendizaxe propostas; pódense priorizar contidos e ir ao esencial para poder traballalos dun xeito operativo, práctico e comprensible.

- O propio carácter da materia, que incorpora campos temáticos, recursos e procedementos de diferentes áreas de coñecemento, favorece estratexias interdisciplinares como o traballo por proxectos incluso ao longo dos catro cursos da etapa; isto permitirá que o alumnado perciba a aprendizaxe dende unha perspectiva global, evitando unha visión compartimentada das materias.

- O interese do alumnado aumentará ao ver a aplicación das aprendizaxes, polo tanto, é conveniente contextualizalas e conectalas cos problemas actuais e retos do presente, xa que facilita dotar aos contidos de interese, funcionalidade e utilidade, e permite crear escenarios diversos nos que desenvolver iniciativas e proxectos en situacións reais, comprometéndose coa contorna e a comunidade.

- O desenvolvemento das competencias será o eixe vertebrador da didáctica docente, e, por tal motivo, o enfoque metodolóxico das clases debe ser eminentemente práctico e activo poñendo ao alumnado no reto de resolver as tarefas que se lle propoñen seguindo a máxima de que se aprende facendo. Unha vantaxe da Xeografía e Historia é que o alumnado adoita a ter coñecementos previos por experiencias vividas, polo que é preciso aproveitálas para favorecer que siga construíndo a súa aprendizaxe actuando o profesorado de guía e propiciador do progreso dos saberes..

- É recomendable establecer unha diversificación dos itinerarios de aprendizaxes, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. Isto favorecerá a motivación e a participación activa do alumnado e detectar os progresos individuais e grupais sen fixarse só nos resultados. En relación a isto, o profesorado poderá facer emprego de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Diversificar metodoloxías, ademais de romper coa rutina, vai axudar a que o docente teña maior perspectiva de coñecemento do alumnado nas diferentes facetas e detectar as dificultades de aprendizaxe que aparezan e, se fora o caso, poñer en práctica os mecanismos de reforzo axeitados.

- Tamén é conveniente o uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

- Outro aspecto a ter en conta son as dinámicas de grupo xa que a aprendizaxe entre iguais é moi efectiva. Poden propoñerse tarefas a desenvolver de xeito individual, pequeno grupo ou gran grupo buscando o maior rendemento do alumnado e unha maior interacción entre eles. Posteriormente, coa posta en común do traballado estableceríase un diálogo moi enriquecedor para a comprensión dos contidos.

- O emprego de mecanismos como a formulación de interrogantes, tormenta de ideas, debates, recreación de feitos, asembleas.... facilitan o intercambio de información, o desenvolvemento crítico e a creación dun criterio persoal ou xuízo de valor que conduce á madurez e desenvolvemento dos estudantes.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto da materia establecido polo Departamento didáctico de xeografía e historia
Materias elaborados pola persoa docente dispoñibles na aula virtual do centro
Blog da persoa docente
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado
Equipos informáticos do centro
Material audiovisual
Mapas xeográficos e históricos
Literatura e prensa relacionado en diversos formatos
Material funxible

Aproveitarase a gran dispoñibilidade de recursos existente no ámbito das ciencias sociais:

- O libro de texto será un importante apoio para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non debe determinar a función da persoa docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado determinará e xestionará o seu uso.
- Ademais do libro de texto empregarase material complementario, elaborado e /ou seleccionado pola persoa docente, dispoñible na aula virtual do centro.
- O alumnado deberá ter un caderno ou cartafol de traballo onde recollerá as tarefas da materia. Dito caderno ou cartafol será unha mostra máis do seu traballo e do seu progreso.
- Farase un uso razoable e responsable das tecnoloxías da información e a comunicación a través dos recursos do centro.

En definitiva, deben empregarse diferentes materiais didácticos coa finalidade de diversificar non só a metodoloxía didáctica senón tamén de atender ás especificidades do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Durante os primeiros días do mes de setembro, preferiblemente antes do comezo da actividade lectiva, realizarase un rexistro de información relevante sobre o alumnado matriculado na materia en relación aos seguintes aspectos:

- Cualificacións do curso anterior.
- Materias pendentes ou, no seu caso, repetición de curso.
- Necesidades educativas especiais ou análogas.
- Outros aspectos de importancia que poidan afectar ao proceso de aprendizaxe.

Ao longo das dúas primeiras clases valorarase en persoa ao alumnado. Será fonte de información relevante a propia presentación en clase na que se comentan os métodos de estudo de cada quen, as debilidades e fortalezas, os gustos... En canto aos aspectos curriculares pasarase un cuestionario sobre contidos básicos do que se vai traballar na aula e contidos de cursos anteriores: este cuestionario servirá tanto para valorar os coñecementos previos do

alumnado como tamén para facer unha presentación da materia. En función das características do alumnado contemplarase tamén algunha proba sobre algunha competencia concreta: comprensión lectora e expresión escrita, análise dalgún documento (por exemplo un mapa ou unha gráfica)...

A reunión de avaliación inicial co equipo docente e o Departamento de orientación, así como a información aportada pola persoa titora do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

Unha vez analizada toda a información, adoptaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribuír as unidades didácticas, organización da avaliación...

En calquera caso, durante a primeira sesión de cada unidade didáctica o profesorado avaliará a situación de partida de todo o alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
Peso UD/ Tipo Ins.	6	6	6	7	10	10	10
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Unidade didáctica	UD 8	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	10	10	10	7	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

Por unidades didácticas estableceuse o peso que se lle dá aos instrumentos de avaliación: o 60% do peso para probas escritas e o 40% do peso para as táboas de indicadores.

A probas escritas, de formato variado (preguntas curtas, comentarios dirixidos de textos, mapas e/ou gráficos etc.) puntuaranse nunha escala de 1 a 10; sempre se especificará o valor de cada pregunta, entendendo que se está contestada correctamente levará a puntuación máxima e, de non ser así, a puntuación variará en función das rúbricas establecidas. A cualificación dos exames (probas escritas) será o resultado da suma total da puntuación acadada en cada cuestión (cada pregunta de exame levará a puntuación no mesmo). Realizaranse un mínimo de dúas probas escritas por trimestre.

A táboa de indicadores comprenderá todas as tarefas que se encomenden ao alumnado: traballo de aula, tarefas trimestrais individuais ou grupais, lecturas voluntarias etc. Para a corrección destas tarefas empregaranse a/as

rúbrica/s establecida/as en cada unha delas.

A nota de cada avaliación resultará de aplicar a seguinte fórmula ás cualificacións acadadas por cada alumna e por cada alumno:

Nota de avaliación = $[(\text{Media probas} \times 60) + (\text{Media rúbricas táboas de indicadores} \times 40)] / 100$.

Unha vez realizadas as correspondentes operacións, de ser o caso, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 5 o redondeo farase á alza ao número natural inmediatamente superior; e, pola contra, cando sexa inferior a 5, redondearase ao número natural inmediatamente inferior. A avaliación considerárase superada cando a cualificación sexa de 5 puntos ou superior (tendo tamén en conta as normas de redondeo indicadas con anterioridade). No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación durante o resto de trimestres.

Para a cualificación final de curso terase en conta a cualificación obtida en cada unha das avaliacións e o peso porcentual que se indicou para as unidades didácticas para cada avaliación:

Nota final = $[(\text{Nota 1ª aval.} \times 25) + (\text{Nota 2ª aval.} \times 38) + (\text{Nota 3ª aval.} \times 37)] / 100$.

Unha vez realizadas as correspondentes operacións, de ser o caso, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa igual ou superior a 5 o redondeo farase á alza ao número natural inmediatamente superior; e, pola contra, cando sexa inferior a 5, redondearase ao número natural inmediatamente inferior.

Criterios de recuperación:

En relación aos criterios de recuperación da materia para aquel alumnado que non supere algún ou todos os trimestres, o criterio inicial será o de que a alumna ou o alumno só terá que recuperar aquela parte ou partes da unidade didáctica non superadas e non repetir todas as aprendizaxes xa acadadas. Polo tanto, a partir desta premisa, establécense dúas liñas de actuación:

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO LONGO DOS TRIMESTRES

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno. Polo tanto, pódense dar dous escenarios posibles:

- Antes de que se realice a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación, que se reflectirá xa na súa cualificación dese trimestre (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).
- Unha vez realizada a cualificación do trimestre: o alumnado que non supera unha unidade didáctica (ou que a supera pero quere mellorar a súa cualificación) recibirá as indicacións oportunas do profesorado a través dun plan de recuperación específico e poderá subir a súa cualificación ao longo do resto de trimestres; unha vez acadada unha mellor cualificación, o profesorado a comunicará á alumna ou o alumno e á persoa titora na xunta de avaliación correspondente e a tomará en conta para realizar o recálculo da cualificación do trimestre e, en especial, recálculo que será o referente á hora de realizar a avaliación final da materia (o mesmo sucederá co alumnado interesado en subir a súa cualificación).

Ao final do trimestre, o profesorado remitirá un informe individualizado á persoa titora para que o faga chegar ás familias no que se indique o plan de recuperación da materia específico para a alumna ou para o alumno sobre o que se leve traballado de curso.

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN AO FINAL DE CURSO SOBRE O TOTAL DA MATERIA

O alumnado que pese a recibir un plan específico de recuperación da materia en cada un dos trimestres no momento no que non superara unha unidade didáctica ou ao final do trimestre, non superara algunha das unidades didácticas, terá un prazo específico de 15 días (os primeiros 15 días de xuño) para acadar as aprendizaxes non superadas seguindo o plan de recuperación que terá como referente os mínimos de consecución da materia e que se entregará a finais do mes de maio. Indicaranse as tarefas que se deben realizar que, de forma xeral, serán as que non se superaron en cada unidade didáctica e trimestre.

No caso de recuperar algunha das aprendizaxes, aplicarase a mellora na cualificación correspondente por unidade didáctica e trimestre e esas novas cualificacións serán as que se empreguen para obter a cualificación final da materia. A materia enténdese superada cando se acada unha cualificación igual ou superior a 5 puntos (aplicaranse os criterios de redondeo sinalados con anterioridade).

Do mesmo xeito, procederase no caso de alumnado interesado en mellorar a cualificación das súas aprendizaxes pese a que xa obtivera un resultado positivo.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

SEGUIMIENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación ao que terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro. Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poderán ser complementados cun caderno de actividades en formato físico. O profesorado poderá realizar un seguimento continuo do plan e do alumnado a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A persoa docente encargada de realizar o seguimento do plan de reforzo será a persoa que lle imparta docencia no curso actual (non será a persoa que imparte docencia no nivel que a/o alumna/o teña sen superar).

A cualificación de cada trimestre e a cualificación final de curso será decidida no Departamento de xeografía e historia segundo as indicacións acordadas pola persoa xefa do dito departamento e a valoración que realice a persoa que se encargue de facer o seguimento do plan de reforzo. É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que non se recollerán fóra da data sinalada. Os traballos conterán unha indicación na que se recolla a valoración que cada un deles terá na cualificación final do trimestre.

Seguindo as directrices fixadas, o alumnado con materia pendente recibirá ao inicio de curso un boletín de tarefas coas que traballar as competencias básicas e os contidos curriculares da materia. Este traballo, que será sempre guiado e orientado pola persoa docente, entregarse de xeito progresivo en cada avaliación e suporá un 60% da nota de cada trimestre e do final de curso. O outro 40% acadarase a través da realización dunha proba escrita que se convocará en cada trimestre.

A nota final da avaliación ordinaria de xuño calcularase coa media das notas das tres avaliacións parciais, contemplándose unha posible recuperación escrita final para aquel alumnado que non superase a materia con este plan trimestral de traballo. Non haberá mínimos de cualificación entre os diferentes instrumentos de avaliación para facer media e realizarase, no seu caso, o correspondente redondeo, seguindo as indicacións recollidas no elemento 5.2 desta programación didáctica.

PROBA FINAL:

En caso de non recuperarse a materia pendente co traballo ao longo dos trimestres, ou en caso de querer aspirar a unha cualificación maior, deberá superarse una proba final (exame) sobre o currículo da materia de 2º curso. A nota final será a desta proba, con aplicación do redondeo segundo os criterios que esta programación establece. A data desta proba será fixada pola xefatura de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos. No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

As aulas reflicten a diversidade da sociedade na que vivimos. O recoñecemento da diversidade do alumnado constitúe un principio fundamental que debe rexer toda acción educativa. Unha das finalidades da educación é asegurar a igualdade de oportunidades de todas as alumnas e todos os alumnos expoñendo os medios para evitar o fracaso escolar e o risco de abandono do sistema educativo.

A atención á diversidade enténdese como o conxunto de actuacións educativas dirixidas a dar resposta ás diferentes capacidades, motivacións e intereses, ritmos e estilos de aprendizaxe e situacións persoais do alumnado. Estas medidas oriéntanse a acadar os obxectivos e as competencias establecidas para a etapa da educación secundaria obrigatoria e réxense polos principios de equidade, calidade e igualdade de oportunidades, non discriminación, integración, accesibilidade e cooperación da comunidade educativa.

As medidas de atención á diversidade deben atender ao principio de inclusión educativa. Isto supón recoñecer a lexitimidade das diferenzas de todas as persoas, asumíndoas como un valor que enriquece o contexto educativo. Este principio establece que todas e todos os estudantes, sexa cal sexa a súa condición persoal, dispoñan na súa contorna educativa das condicións necesarias de acceso a unha formación integral que lles outorgue experiencias de aprendizaxe significativas.

Neste sentido, faise preciso establecer medidas, metodoloxías e compoñentes que permitan ao profesorado abordar con garantías a diversidade das súas aulas. O plan de atención concretarase nos seguintes elementos:

- Combinación de metodoloxías e fíos condutores das unidades didácticas, vinculados ao desenvolvemento emocional do alumnado e a súa integración no grupo. Uso de métodos diferenciados que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e favorezan a capacidade de aprender por si mesmo.
- Diversidade de agrupamentos e tarefas propostos, articulación de itinerarios diferenciados e combinación de linguaxes e soportes orientados a satisfacer as esixencias de aprendizaxe de cada alumna ou cada alumno e a permitir o seu desenvolvemento individual.
- Deseño de programas específicos de reforzo e ampliación destinados a mellorar as posibilidades de alcanzar os obxectivos da etapa.
- Realización de proxectos significativos para o alumnado. O deseño de tarefas e proxectos de traballo deben basearse en contextos auténticos e recoñecibles para resultar significativos e deben ter en conta as vivencias particulares do alumnado (como, por exemplo, os oficios locais, as materias primas e a toponimia). Alén diso, o traballo colaborativo en proxectos debe potenciar que cada adolescente teña os seus tempos e os seus espazos de protagonismo e o recoñecemento da súa valía persoal e da súa capacidade de contribuír a desenvolver a actividade, reforzando así a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- O traballo cooperativo, coa proposta de tarefas nas que o alumnado debe regular a súa conduta, a súa expresión e a súa capacidade para relacionarse co resto de persoas. A través do diálogo e da interacción entre o alumnado, contribuírse a desenvolver a capacidade de participar activamente nun equipo, a reflexión sobre as propias ideas, o respecto crítico a outros puntos de vista, o recoñecemento dos propios valores e limitacións, a adaptación ás necesidades colectivas, a asunción de responsabilidades e o respecto ás normas acordadas.
- A resolución de problemas e conflitos en colaboración e a toma de decisións baseadas en xuízos morais, co fin de contribuír á adquisición das competencias necesarias para seguir os procesos de pensamento, utilizar o razoamento e analizar criticamente os problemas sociais e históricos.
- A gradación da aprendizaxe. O desenvolvemento das capacidades e dos contidos deberá facerse dun xeito gradual e progresivo, de maneira que se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma. A gradación entre cursos non se establece principalmente mediante a distribución diferenciada de contidos, senón en función da diferente complexidade dos textos, das habilidades de comprensión ou expresión requiridas, da metalinguaxe necesaria para a reflexión sobre os usos ou do grao de autonomía do alumnado.

Prestarase especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e ao alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital, sen prexuízo do desenvolvemento doutras medidas de atención á diversidade que se poidan establecer. A saber:

- Establecemento de reforzos educativos para alumnado que non sexa capaz de acadar o grao de dominio suficiente expresado nos mínimos esixibles da materia por causas non imputables á falta de estudo ou esforzo.
- Coordinación co Departamento de orientación a fin de axustarse as necesidades daquel alumnado que curse a presente materia cunha adaptación curricular individualizada e supervisión do seu traballo na aula.

- Establecemento de protocolos específicos en resposta ás necesidades específicas do alumnado (TDAH...).

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual								
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial					X			
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores						X	X	X
ET.11 - A educación para a saúde						X	X	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual						X	X	X
ET.13 - A igualdade de xénero						X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes						X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero						X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático	X	X	X	X	X			
ET.19 - Educación para a sustentabilidade	X	X	X	X	X			
ET.20 - A educación para o consumo responsable	X	X	X	X	X			
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social						X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito						X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo						X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais						X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - A educación emocional	X	X	X	X
ET.2 - A comprensión da lectura	X	X	X	X
ET.3 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X
ET.4 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X
ET.5 - A competencia dixital	X	X	X	X
ET.6 - A creatividade	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial				
ET.8 - O espírito científico	X	X	X	X
ET.9 - O espírito crítico	X	X	X	X
ET.10 - A educación en valores	X	X	X	X

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.11 - A educación para a saúde	X	X	X	X
ET.12 - A educación afectivo-sexual	X	X	X	X
ET.13 - A igualdade de xénero	X	X	X	X
ET.14 - A igualdade entre mulleres e homes	X	X	X	X
ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero	X	X	X	X
ET.16 - O emprego dunha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista	X	X	X	X
ET.17 - A formación estética	X	X	X	X
ET.18 - A conciencia e formación sobre o cambio climático				
ET.19 - Educación para a sustentabilidade				
ET.20 - A educación para o consumo responsable				
ET.21 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social	X	X	X	X
ET.22 - Os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito	X	X	X	X
ET.23 - O respecto mutuo	X	X	X	X
ET.24 - A cooperación entre iguais	X	X	X	X

Observacións:

Os elementos transversais que se recollen neste curso para esta materia son aqueles que o proceso de ensino e aprendizaxe de todas as materias debe incluír (elementos transversais 1 a 10) pero tamén doutros que deben ser incluídos ao longo da etapa (elementos transversais 11 a 24). A este respecto, a materia de Xeografía e Historia pretende e permite dar cabida a todos estes elementos debido ao carácter da mesma e ao enfoque que se lle pretende dar.

Ao longo do curso haberá momentos nos que se traballen de forma específica e teranse en conta, por exemplo, á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará (sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais); tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan etc. Non obstante, haberá elementos transversais que teñan presenza ao longo de todo o curso como a cooperación, o respecto mutuo, a resolución pacífica de conflitos... e sempre que sexa preciso traballar puntualmente neles así se fará.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Percorrido polo casco histórico de Santiago de Compostela	Paseo polo Santiago medieval e moderno.	X		
Charlas de persoas especialistas	Charla relacionada coa situación actual no mundo a cargo de persoas xornalistas, voluntarias/os en ONG etc.	X	X	X
Saída interdisciplinar a un espazo natural	Realización dunha ruta cultural e paisaxística en colaboración co Departamento de ciencias naturais			X

Observacións:

Todas as actividades propostas son especialmente motivadoras, facilitan a socialización do alumnado, e permiten afondar nos contidos do currículo.

Establécense tres fases na preparación e desenvolvemento destas actividades complementarias:

- Unha fase previa na que se proporcionará información ao alumnado, e na que se propondrán tarefas a desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase, durante a actividade propiamente dita, durante a cal o alumnado deberá recoller datos e observacións.
- Unha fase final, xa na aula, de feed-back, para valorar a experiencia e facer propostas de mellora.

En relación ás actividades propostas, que terán un carácter máis ou menos permanente ao longo do curso, sinalar:

- A saída para percorrer o casco histórico de Santiago de Compostela permitirá ao alumnado identificar in situ os restos medievais e modernos, así como as configuracións de ambas etapas. Aproveitarase a presenza dunha persoa condutora/guíu que ofrezca unha explicación dos espazos seleccionados previamente.

- As charlas de persoas especialistas que desenvolvan estudos ou teñan coñecementos relacionados cos contidos da materia de Xeografía e Historia que se traballen neste curso sobre a situación do mundo actual terán lugar ao longo do curso e dependerán sempre das posibilidades e dispoñibilidade de persoas con este perfil dispostas a compartir os seus coñecementos co alumnado.

- A saída interdisciplinar permitirá coñecer un espazo natural, coa súa riqueza cultural, estética e paisaxística próxima. As saídas á contorna próxima enténdense na necesidade de relacionar os contidos da materia coa realidade do alumnado e a pensar esa realidade á partires dos coñecementos teóricos traballados na aula. Tamén é importante organizalas en colaboración con outros departamentos didácticos para que teñan un sentido interdisciplinar que enriqueza a actividade, en especial co departamento de Bioloxía e Xeoloxía. Proponse, nesa dirección, unha saída pola contorna da Ribeira Sacra para a realización dunha ruta pola mesma.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Avalía cualificando segundo o establecido na programación didáctica
Revisa a programación e o seu cumprimento de xeito periódico
Planifica as sesións modificándoas atendendo ás necesidades ou intereses do alumnado
Adecúa a metodoloxía ás unidades didácticas e ás circunstancias específicas
Emprega materiais diversos presentando actividades tamén diversas e máis creativas
Concentra a maior parte do traballo do alumnado na aula e non na casa
Adecúa todos os elementos do proceso de ensino e aprendizaxe ás necesidades do alumnado
Aplica os protocolos establecidos no centro e metodoloxías flexibles para cada caso
Promove hábitos de traballo colaborativos
Fomenta un bo clima de traballo na aula

Emprega as canles de comunicación establecidas polo centro coas familias

Responde con dilixencia á solicitude de informes por parte da persoa titora e do equipo directivo

Descrición:

A persoa docente realizará unha avaliación do proceso de ensino e da súa propia práctica docente, polo menos, unha vez ao mes. Deixarase constancia da dita avaliación así como das posibles modificacións ou propostas de mellora nas correspondentes actas mensuais de departamento.

Xunto co anterior, de ser posible, farase unha avaliación trimestral dos indicadores de logro sinalados, de cara a ter unha información concreta e fiable sobre o proceso do ensino e a práctica docente. Empregaranse diferentes instrumentos de avaliación (enquisas, listas de control, actas de avaliación...) e os resultados obtidos se incluírán, no seu caso, nas correspondentes actas de departamento.

A enquisa ao alumnado realizarase cara o remate do 3º trimestre e incluírá, cando menos, dous bloques de preguntas: un para avaliar o proceso de ensino e outro para avaliar a práctica docente. Os resultados desta avaliación se incorporarán á memoria final do departamento.

En todo caso, non se debe perder de vista que a avaliación da práctica docente debe favorecer a análise, a reflexión e o debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A inclusión e atención á diversidade como resposta educativa á totalidade do alumnado para promover a consecución do éxito escolar.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para avaliar procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así facer as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerá un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

A programación didáctica da materia de Xeografía e Historia estará á disposición da comunidade educativa do centro e ademais, a comezos de curso, proporcionarase ao alumnado un extracto da mesma cos seus puntos esenciais: obxectivos, criterios, instrumentos e procedementos de avaliación, materiais didácticos e sistema de recuperación.

A programación didáctica será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación Proens o que permitirá realizar os necesarios axustes no proceso de ensino e aprendizaxe para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado de cara á consecución dos obxectivos establecidos. Todo isto, debidamente xustificado, figurará tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia e axudará na proposta de programación didáctica que se concrete para o seguinte curso.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todas as persoas integrantes do departamento.
- A programación didáctica específica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no proxecto educativo de centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e os instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.

- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e os materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e os obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e os tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuados ao perfil, as características e as necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.
- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación Proens, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións dedicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

Este procedemento terá en conta os seguintes puntos:

1. Analizarase regularmente a adecuación da programación didáctica a cada grupo, formulando propostas de mellora e realizando os axustes necesarios sempre que sexa preciso. Terase en conta, cando menos, informar sobre o seguinte:

- Unidades didácticas: datas de inicio e fin, número de sesións previstas e realizadas.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Analizaranse as dificultades atopadas no alumnado. Valorarase se os resultados son positivos (continuarase na mesma liña de traballo) ou negativos (realizaranse propostas de mellora).

3. Realizaranse propostas de mellora. Revisaranse as necesidades de atención educativa (apoio, reforzo, adaptación curricular etc.) tomando como referencia a información obtida de aplicar indicadores como:

- O ofrecemento ao alumnado, de forma individualizada, das explicacións que precise.
- A elaboración das actividades atendendo ás dificultades observadas.
- A proposta de probas de avaliación de distinta dificultade.
- O comentario co alumnado dos erros máis significativos dos traballos realizados.

4. Os instrumentos que se empreguen serán variados, entre os que poden estar:

- Folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables.
- Diario de aula.
- Rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- Estatísticas de resultados.
- Cuestionarios e enquisas ao alumnado.

As propostas de mellora da programación didáctica derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

9. Outros apartados